



PROGRAMA VII CHANFAINA LAB, do 1 ao 4 de setembro de 2022
ENCONTRO DE CINEASTAS SAN SADURNIÑO

PROGRAMA VII CHANFAINA LAB, do 1 ao 4 de setembro de 2022

Participantes

Abel Vega, Alberto Gracia, Andrea Fernández, Andrea Pena, Ángela Arnosa, Ariadna Silva, Carmen Bouza, Carmen Couce, Celia Parra, Claudia Pineda, Consuelo Picos, Cruz Piñón, Dani Viqueira, Domingo Díaz, Fran Bermúdez, Iria Silvana, Kevin Lorenzo, María Loureiro, Martín Rey, Naraiomedia, Pablo Martínez, Paula Vilariño, Raquel Álvarez, Roberto Bouza, Rubén Coca, Sofía Naseiro, The Sun Girls, Toño Chouza, Xavier Villaverde

Exposición 20 anos de "O BOSQUE ANIMADO"

Duración: do 29 de agosto ao 30 de setembro. De luns a venres de 8:00 a 15:00h
Lugar: Galería da Casa do Concello de San Sadurniño.

Obradoiros

Obradoiro de montaxe "Corte a corte" con Fran X. Rodríguez.

Xoves 1 de setembro, de 9:00 a 15:00h.

Lugar: Casa da Cultura

Obradoiro de son "Isto non se arranxa na posproducción" con David Machado.

Venres 2 de setembro, de 9:00 a 15:00h.

Lugar: Casa da Cultura

15 prazas en cada obradoiro. Inscripcións gratuítas no **616 016 793**

(en horario de 9:00 a 14:00) ou no correo carmen.suarez@sansadurnino.gal

Proxeccións gratuítas

Clásicos do Chanfaina lab "A paisaxe humana de San Sadurniño". Proxección de pezas singulares protagonizadas por homes e mulleres de San Sadurniño.

Xoves 1 de setembro ás 19:00h.

Lugar: Casa da Cultura (Entrada libre).

Eira de cineastas: Selección de filmes presentados por cineastas participantes
Venres 2 de setembro ás 20:30h.

Lugar: Casa da Cultura (Entrada libre).

Gran chanfaina: "Malencolía", de Alfonso Zarauza

Sábado 3 de setembro ás 20:30h.

Lugar: Casa da Cultura (Entrada libre).

"O ronsel da Chanfaina". Últimas pezas curtas realizadas por Óliver Laxe, Eloy Domínguez, Xisela Franco, Xacio Baño e Lucía Estévez.

Domingo 4 de setembro ás 19:00h.

Lugar: Casa da Cultura (Entrada libre).



@chanfainalab



fb.com/chanfainalab



@chanfainalab



616 016 793



falamedesansadurnino.org



youtube.com/falamedesansadurnino



sansadurnino.gal



chanfainalab@gmail.com

HISTORIA DO CARTEL

Cada cartel da Chanfainalab pon en valor algún elemento do patrimonio ou da historia de San Sadurniño. Dende a prensa local, [I Chanfainalab 2014](#), pinturas medievais, [II Chanfainalab 2015](#), obras pictóricas, [III Chanfainalab 2016](#), [V Chanfainalab 2018](#)) ou fotografías antigas [IV Chanfainalab 2017](#) e [VI Chanfainalab 2019](#)).

Nesta edición, o tema ven relacionado coa escultura en pedra de toelo da deusa Navia, ao carón do río Xubia, obra do artista local Carlos García Romero. Que nós saibamos non existe ningunha escultura no mundo dedicada á deidade galega precristián das augas e os mortos. Navia é ademais avogada da fertilidade e incluso a barqueira do máis alá. Pensamos que deusa tan poderosa será unha eficaz potenciadora da creatividade para cineastas tras do tempo da pandemia e ao mellor tamén contribuímos a paliar a seca, porque estamos a lembrar e invocar á deusa das augas de fontes e ríos dos nosos devanceiros.

O monumento foi inaugurado o 18 de xullo do 2017 na festividade de Santa Mariña. De feito investigadores-as asocian a Navia co culto espallado por toda Galicia da nosa popular Santa Mariña. Podes coñecer a historia completa [aquí](#).



O ARTISTA

Carlos García Romero é un dos artistas de San Sadurniño máis coñecidos en Ferrolterra, onde é moi apreciado o seu traballo como decorador e artista en numerosos locais comerciais ou pezas escultóricas de diversa índole.

Por medio da marca "2 Duendes", Carlos García e Marina Goti decoraron locais, pintaron murais, tallaron madeira, pedra ou poliespán, personalizaron vehículos, e un bo feixe de obras singulares moi variadas que acreditan o seu talento artístico.

Todo o concello de San Sadurniño goza coas pegadas do prolífico artista en murais, esculturas, a imaxinaría relixiosa, ata o seu derradeiro traballo para a xente miúda: a "Fraga Máxica da Cortiña" no Arboreto galego, situado ao pé do paseo fluvial do Xubia. Para coñecer mellor a Carlos García Romero e "2 Duendes" prema [aquí](#).



PROXECCIONS

XOVES 1 SETEMBRO. 19:00H.

CLÁSICOS DA CHANFAINALAB. A PAISAXE HUMANA DE SAN SADURNIÑO

Proxección de pezas singulares protagonizados por homes e mulleres de San Sadurniño. **OCULTAS NA PAISAXE** (2017) de Sabela Pernas, **CRUZ PIÑÓN** (2015) de Xisela Franco, **A BIZCOCHADA** (2016) de Carlos Quirós, **CAFÉ BAR SANTOS** (2015) de Sonia Méndez, **MATÍAS** (2016) de Sandra Sánchez, **A CASA** (2018) de Carlos Viana, **POIS ISO, QUE TE QUERO** (2017) de Beatriz del Monte, **MBEMBA EN SANSÁ** (2020) de Luís Avilés, **IRMANDADE** (2019) de Samuel Delgado/Helena Girón, **NON TEÑO DONO** (2019) de The Sungirls.

Duración: 95 minutos.

VENRES 2 SETEMBRO. 20:30H.

EIRA DE CINEASTAS

Proxección de pezas de cineastas asistentes.

CANDO RUXE O FORMIGUEIRO de Abel Vega, **LA PARRA** (fragmento) de Alberto Gracia, **FOLGA DO TRANSPORTE** de Andrea Pena, **O INTRUSO** de Ariadna Silva, **BONIATOS NO PAÍS DO SOL PONIENTE** de Carmen Bouza, Carmen Couce, Cruz Piñón e Consuelo Picos, **ADONDAR A LINGUA** de Celia Parra, **EL VIAJE** de Claudia Pineda, **LA PENUMBRA** de Dani Viqueira, **O CASTIÑEIRO MORTO** de Domingo Díaz, **TRAE** de Fran Bermúdez, **A LOBA** de Iria Silvosa, **O ROUBO DA DROJA II. CAMIÑO DA VINGANZA** de Naraiomedia, **ASÍ SOY** de Pablo Martínez, **TRES AMIGAS, UNA PARTIDA DE OCA Y UN MELOCOTÓN A MEDIO PELAR** de Andrea Fernández e Paula Vilariño, **RUBÍ** de Raquel Álvarez, **NOTAMOTOF** de Rubén Coca, **BALADA DOS CAMIÑOS** de Sofía Naseiro, **NON TEÑO DONO** de The Sungirls, **FUKUSHIMA** de Toño Chouza, **MARÍA CASARES: A MULLER QUE VIVIU MIL VIDAS** (fragmento) de Xavier Villaverde.

Duración: 121 minutos

SÁBADO 3 SETEMBRO. 20:30H.

GRAN CHANFAINA

MALENCOLÍA (2021) de Alfonso Zarauza

Duración: 75 minutos

DOMINGO 4 SETEMBRO. 19:00H.

O RONSEL DA CHANFAINA

Últimas pezas curtas realizadas por cineastas que participaron na Chanfainalab en edicións anteriores.

O FUTURO É DAS CABRAS (2022) de Oliver Laxe, **ATALAIA/PIUEIRO** (2022) de Xisela Franco, **ROMPENTE** (2022) de Eloy Domínguez, **AUGAS ABISAIS** (2020) de Xacio Baño, **O NIÑO DOS PAXAROS** (2022) de Lucía Estévez.


Duración: 90 minutos.

EXPOSICIÓN

20 ANOS DE "O BOSQUE ANIMADO"

Duración: do 29 de agosto ao 30 de setembro. De luns a venres de 8:00 a 15:00h.

Lugar: Galería da Casa do Concello de San Sadurniño



OBRADOIROS

OBRADOIRO DE MONTAXE "CORTE A CORTE" por Fran X. Rodríguez

Obradoiro audiovisual onde se abordan as técnicas de montaxe adaptadas á realización de micromovies. O obxectivo será a construción dunha peza que non supere os 59" de duración.

Xoves 1 de setembro, de 9:00 a 15:00h.

Lugar: Casa da Cultura

Nº prazas: 15

Inscripción gratuíta: 616016793 / carmen.suarez@sansadurnino.gal

FRAN X. RODRÍGUEZ, (Rianxo, A Coruña 1980)

É director e montador nos eidos da ficción, o documental e a publicidade.

Comezou a súa carreira coa curtametraxe **O CERCO**, gañando en 2008 o premio á mellor montaxe no Festival de Cine de Zaragoza. En 2009 participou no certame Curtas na Rede, onde gañou o premio ao mellor traballo experimental con **METICULOSIDADE**. Neses anos comeza a súa carreira publicitaria na axencia de publicidade BAP & Conde.

En 2016 dirixiu a curtametraxe **LADRONES DE TIEMPO**, converténdose no primeiro filme da historia do Festival de Cans en gañar tres premios:

Mellor curtametraxe, premio do público e mellor guión. Finalista no Premios Mestre Mateo da Academia do Audiovisual de Galicia,

LADRONES DE TIEMPO tamén gañou o Premio da III edición do Festival de Cine Gin & Film Mombasa, o festival con maior dotación económica de España. Despois de recibir máis de 50 seleccións e gañar 12 premios, a cinta foi proxectada en 15 países.

"Formulación orixinal e ambiciosa", "elaboración técnica impecable e unha mensaxe poderosa", "orixinalidade e complexo ancoraxe de todos os elementos do guión" ou "funciona coma un reloxo", foron algunhas das críticas recibidas pola curta nos medios.

En 2018 dirixe a curtametraxe **BEAUTIFUL BOY**. Ademais de ser finalista nos Premios Mestre Mateo 2019, a película foi seleccionada en 30 festivais de todo o mundo, recollendo 9 premios, destacando os Premios do Público no Festival de Cans e Primavera do Cine de Vigo, Mellor Guión na Mostra de Curtas de Noia, Mellor Dirección en Curtas de Vilagarcía ou o Premio Fugaz á Mellor Montaxe.

No ámbito da publicidade, traballou con axencias como BAP & Conde, Shackleton Group, Aúpa! o Bululú Creativos, realizando campañas comerciais para Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Abanca, Gadis, Coren, Estrella Galicia e Inditex, entre outras marcas.

A súa fascinación polas secuencias de crédito levouno a realizar varias cabeceiras como o creada para a serie **HIERRO** (Movistar+) e **OPERACIÓN MAREA NEGRA** (Amazon Prime).

En 2021 gaña o Mestre Mateo ao Mellor Anuncio pola realización do filme **Desde o mar** e dirixe a serie documental **LAS ESTRELLAS DEL CAMINO** para Estrella Galicia, no marco do Xacobeo 2021

Actualmente forma parte do equipo de montaxe da serie **LA UNIDAD** (Movistar+) e figura como director da serie documental **UNA HISTORIA DE CRÍMENES**, de Ficción Producciones para Amazon Prime.



OBRADOIRO DE SON “ISTO NON SE ARRANXA NA POSPRODUCCIÓN” por David Machado.

Obradoiro para mellorar a captación sonora no día a día da creación audiovisual, desde youtubeiros-as ata videoartistas. O obxectivo será entender os problemas de forma teórica e práctica, adquirindo os coñecementos para podelos prever e solucionar.

Venres 2 de setembro, de 9:00 a 15:00h.

Lugar: Casa da Cultura

Nº prazas: 15

Inscripción gratuíta: 616016793 / carmen.suarez@sansadurnino.gal

DAVID MACHADO (Vigo)

lapanificadora.com

www.imdb.com/name/nm1511156

Comeza o seus estudos en Vigo e os remata na EICTV, Escuela de cine de San Antonio de los Baños (Cuba).

Dende o seu regreso a Galicia no 2004 traballou varios anos como freelance, ata montar o seu propio estudio de son en Santiago, La Panificadora co que ten participado en boa parte dos proxectos da historia recente do audiovisual galego, sempre na área de son.

Durante estes anos foi xefe de son en máis de sesenta proxectos nos que agroman documentais como, **NACIONAL VI, TRAPEROS, NO SOMOS NADIE** ou **BRASIL SOMOS NÓS**; series de TV como **3 CAMINOS, EL DESORDEN QUE DEJAS**

ou **LA UNIDAD** e longametraxes de ficción tan diversos como **OS FENÓMENOS, O APÓSTOLO, EL DESCONOCIDO, LA SOMBRA DE LA LEY, DHOGS, O QUE ARDE, LÚA VERMELLA, ONS, ARIMA, 9 FUGAS** e **LIVE IS LIFE**.

Gañador de oito premios Mestre Mateo e un Goya, David Machado está considerado como un dos profesionais máis sobranceiros da dirección do espazo sonoro na produción audiovisual galega.



CINEASTAS PARTICIPANTES

(Para máis información preme sobre o nome)

ABEL VEGA (Igrexafeita, San Sadurniño, 1958).

Abel Vega traballou durante toda a súa vida como albanel oficial de 1º. Foi durante varios anos o presidente da Asociación de veciños e veciñas "*Adiante Igrexafeita*". Abel tamén é acordeonista ocasional, gran cociñeiro e experto en *manualidades* de todo tipo. Abel traballou arreo durante toda a vida na construción, mais unha enfermidade laboral apartouno do seu oficio. Inquedo e activo, cunha curiosidade sen límite, aos seus 60 anos e pico, segue a gozar dunha segunda xuventude. Como él mesmo afirma con humor, agora dispón de tempo para atender ás catro galiñas da casa, colaborar no que poida coa asociación veciñal, tocar o acordeón e gravar vídeos con vocación didáctica, nos que mira coa cámara todo o que lle resulta familiar, en definitiva, todo canto o envolve.

É un cineasta afeccionado que está a videocartografar a súa parroquia de Igrexafeita. As súas pezas pódense ver en Fálame de San Sadurniño: "*O muíño dos gaiteiros*", "*Muíño de Solposto*", "*A fonte do muíño queimado*" e "*Muíño de Porto*". Na Chanfaina realizou "*A Pena dos tres pes*" (2015), "*Mañá cocemos*" (2016), "*Cando ruxe o formigueiro*" (2017) "*Unha casa de aldea*" (2018) e "*A casa de barro e saliva*" (2019). Nos dous últimos anos traballou como actor e escenógrafo no grupo de teatro "A Barcalora teatro" coa obra "*O Satanasíño*".

ALBERTO GRACIA (Ferrol, 1978).

Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde se especializou en escultura. A súa obra -compuesta por pinturas, debuxos, performances, vídeos ou instalacións- estivo exposta en distintos países do mundo. No seu primeiro libro ensaístico "*Microfugas, teoría y juego de la profanación*" -Editorial Aristas Martínez, 2010-, materializa o seu interese pola estética, tema sobre o cal realizou conferencias ou paneis e participando en proxectos de investigación como *Grid Spinoza* (2011).

O seu primeiro contacto co cinema foi coa curtametraxe "*Microfugas*", filmada en 16mm no ano 2008. A súa primeira longametraxe "*O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*", baseada na figura de Gaspar Hauser acadou o premio FIPRESCI no International Film Festival Rotterdam de 2013. Realizou unha segunda longametraxe titulada "*La estrella errante*" (2018) tamén estreada no festival de Rotterdam cun longo percorrido por diversos festivais internacionais. Actualmente está no proceso de posprodución da súa terceira longametraxe "*La parrá*" gravada integramente en Ferrol.

ANDREA FERNÁNDEZ (Meirás, Valdoviño 2004)

Este curso rematou 2º de Bacharelato de Artes no IES Concepción Arenal de Ferrol. Dende cativa amosou un especial interese polo cinema, a lectura e pola creación e representación de historias. Nos últimos anos participou en pequenas obras de teatro levadas a cabo por asociacións e un grupo amateur da contorna. Tamén escribe obriñas de teatro e algún que outro relato. En setembro inicia o grao de Historia da Arte na USC.

ANDREA PENA (Barallobre, Fene 2004)

Rematou este ano o 2º de Bacharelato de Artes no IES Concepción Arenal de Ferrol. Formou parte de numerosas exposicións de arte organizadas polo Laboratorio de Creación Artística Laudas Calamity, nas que destaca a súa participación coa performance "*Descubridor Descuberto*" que inauguraba a exposición interdisciplinar "Visións de Fene"(2022).

Durante o último ano realizou diversas pezas para a materia Cultura Audiovisual no IES Concepción Arenal, destacando "*Folga do transporte*". No vindeiro curso iniciará os estudos na Facultade de Belas Artes de Leioa (Bizkaia).

ÁN XELA ARNOSA (Naraío, San Sadurniño, 1996)

Ánxela Arnosa é graduada en Química pola Universidade da Coruña. Esta científica de San Sadurniño desenvolve a súa tese de doutoramento no *Nanomag*, un grupo de investigación da USC especializado en nanopartículas magnéticas. Asemade Ánxela está moi interesada na divulgación científica a través do audiovisual, formando parte do grupo de divulgación científica UDC *Big Bang*, composto maioritariamente polo alumnado de Bioloxía e Química da UDC.

Desde sempre espectadora activa de obras do audiovisual galego, durante os últimos anos interesouse tamén polo mundo da interpretación, desenvolvendo pequenos papeis en curtas e series web.

A Chanfaina transmitiulle curiosidade por crear as súas propias pezas desde o outro lado da cámara. Así, na edición de 2018 presentou a súa primeira curta "*Síntese*" e no 2019 "*Un ninguén máis*".

ARIADNA SILVA FERNÁNDEZ (A Estrada, 1996)

Fotógrafa, realizadora e comunicadora. Representada pola Galería Marisa Marimón. Graduada en comunicación audiovisual pola Universitat Oberta de Catalunya, Máster en fotografía artística e documental pola Escuela TAI e Máster en Servizos Culturais pola Universidade de Santiago de Compostela. O seu traballo persoal transita entre a fotografía e o cinema documental. Actualmente céntrase en desenvolver proxectos persoais de longo percorrido dentro do documentalismo contemporáneo e de autor/a, con temáticas como a paisaxe galega e a autobiografía como eixos centrais da súa narrativa fotográfica e audiovisual.

En 2020 estrea "*Cartografía do esquecemento*", a súa primeira peza como directora, unha curta que forma parte dun proxecto artístico multidisciplinar e que foi seleccionada no Festival de Cans, en Curtocircuito, no FIC Vía XIV de Verín e no Festival Curtas de Vilagarcía. En 2021 produce e realiza a curta documental "*O intruso*", seleccionada no Festival de Cans, en Curtocircuíto e no Cormorán Film Fest. É cofundadora da asociación audiovisual Gancho Producións. Finalista na categoría de Mellor serie web nos XVIII Premios Mestre Mateo coa webserie "*A Cortados*". Como fotógrafa recibiu premios como o Xuventude Crea, e finalista no Emergentes International Photography Award do Encontros da Imagem (Portugal). Asemade publicou fotografías en numerosas revistas nacionais e internacionais, así como o fotolibro "*Fillos do vento*" (Banco Editorial) e expuxo en festivais como PHotoEspaña.

ARY LÓPEZ (San Sadurniño, 1987)

É Licenciada en Xornalismo e Técnica en Produción Audiovisual. Ampliou a súa formación con obradoiros e cursos de dirección de curtametraxes, creación de guión, deseño gráfico e ciberxornalismo. Durante máis de dez anos foi figurante en diversas películas e series de televisión. Como xornalista traballou en emisoras de radio, prensa online e gabinetes de comunicación. Participou en dúas edicións do Chanfaina Lab.

CARMEN BOUZA, CARMEN COUCE, CONSUELO PICOS e CRUZ PIÑÓN

Carmen Bouza (Lamas,1948), Carmen Couce (Lamas,1949), Consuelo Picos (Igrexafeita, 1945), Cruz Piñón (Ferreira, 1953) e Lucía Pita (Naraío, 1937), veteranas colaboradoras de

"Fálame de San Sadurniño", crearon o proxecto "*Teño unha horta en San Sadurniño*" no ano 2015 co obxectivo de difundir e compartir o coñecemento e a experiencia das mulleres nos traballos do campo. Na súa canle de Youtube- arredor de 70 vídeos publicados- dan a coñecer as labores agrícolas ensinando trucos e tarefas tradicionais da agricultura galega. O proxecto acadou un grande éxito mediático con 610.000 visualizacións e 2.300 subscritores, e xa recibiu unha morea de premios e recoñecementos como o "mellor web serie en VO" no Carballo Interplay, "Mellor vídeo-opinarnos" en Youtubeir@s, ou o premio como "mellor iniciativa cultural dirixida a persoas maiores", outorgado pola fundación DomusVi. de Madrid, entre outros moitos recoñecementos e considerado xa como un referente na rede.

As cinco mulleres -xa como cineastas- sorprendéron na 4º Chanfainalab coas pezas "*Historia do cisne, o atún e a troita*" e "*Boniatos no país do sol poniente*". No 2018 realizaron "*Electra*", a historia da luz eléctrica en San Sadurniño e no 2019 "*Decides que o matrimonio...*"

CELIA PARRA (Ourense, 1990)

É poeta e ten traballado en produción audiovisual en produtoras como Setembro Cine, Esferobite, Frida Films ou Vaca Films, en proxectos tanto cinematográficos como relacionados co vídeo experimental. Como poeta, publicou en 2018 o seu último poemario, Pantallas (Editorial Galaxia), fundamentalmente relacionado co mundo da imaxe. Os seus poemas recibiron diversos recoñecementos, foron traducidos ao finés, inglés ou francés, entre outras linguas, e incluídos en distintas antoloxías de poesía galega contemporánea.

Como creadora profundiza tamén na videopoesía, recibindo premios e seleccións en numerosos festivais internacionais polos seus videopoemas. Coa peza Adondar a lingua recibiu o primeiro premio no Light Up Poole Poetry Film Competition (Reino Unido, 2018) e tamén no Festival Versi di Luce (Italia, 2018), así como o segundo premio compartido de videocreación no certame Xuventude Crea (Galicia, 2016), ademais de percorrer máis de 15 festivais nacionais e internacionais.

Foi creadora da idea orixinal e produtora executiva de "*Versogramas*", documental de creación dirixido por Belén Montero e Juan Lesta en 2018 con produción encabezada por Esferobite, que foi considerado o primeiro documental arredor do panorama internacional da videopoesía. "*Versogramas*" foi seleccionado en festivais como NUDO Festival de Poesía Visual, Festival de Cans, Weimar Poetryfilm Award, Festival de Cinema e Poesía Versi di Luce ou Maldito Festival de Videopoesía. "*Versogramas*" foi tamén publicado en versión libro-DVD pola Editorial Galaxia.

CLAUDIA PINEDA (EEUU, 1995)

Tras vivir en Salvador, Mallorca e Granada gradúase no 2022 en Belas Artes pola Universidade de Vigo. A pesares da súa xuventude Claudia reclama "*o sangue nómada e aventureiro dos seus avós*" e desenvolveu unha prolífica traxectoria no eido fotográfico que inclúe traballos moi dispares dende artista freelancer e mariñeira profesional polo Océano Índico e Australia, o voluntariado en campos de refuxiados en Grecia ata a impartición de obradoiros de arteterapia na illa de Madeira.

A súa primeira curtametraxe "*El viaje*" foi seleccionado no short Film Corner do Festival de Cannes, no Festival (S8) de A Coruña, l'Alternativa Fest de Barcelona, Play-Doc de Tui e o Festival de Cans de O Porriño.

A segunda curtametraxe "*Corpo d'Água*" (2021) estreouse en "Novos cinemas" en Pontevedra e a sección Sinais do Festival (S8) de A Coruña. Actualmente está interesada en

construír proxectos que exploren as posibilidades que ofrece o cine expandido, a instalación multipantalla e a animación tradicional e dixital.

DANI VIQUEIRA (A Coruña, 1983)

Dani Viqueira estudou realización na Escola de Imaxe e Son de A Coruña. Comezou na produtora-distribuidora Mr Misto exercendo labores de realización, edición e cámara. Na televisión traballou como editor na serie *"Para Mariñeiros Nós"* (Vtelevión) e na serie *"Piratas"* (Telecinco) en labores de composición. Ten realizado numerosos traballos como editor e posprodutor en varias curtametraxes e spots de televisión de diferentes cineastas. A súa primeira curtametraxe *"Limbo"* foi seleccionada en máis de 150 festivais internacionais, nominada ao Méliès de Ouro á mellor curtametraxe fantástica europea en 2020 e calificada para os premios Goya 2020. A segunda curtametraxe *"Penumbra"* acadou 75 seleccións oficiais, nominada ao Méliès de Prata e a cualificación para os Goya 2021.

DOMINGO DÍAZ (Petín, Ourense)

Comezou no mundo da publicidade alternando a producións de spots de publicidade e vídeos industriais con pequenas pezas de carácter documental en diferentes empresas. Ao final dun longo proceso decidiu crear a súa propia produtora, [Social docs](#), marca coa que levou ao cabo numerosos proxectos sempre comprometidos arredor da memoria e os contidos sociais que veñen a ser o sinal identitario da súa compañía: *"Noetiña (Igualdade)"*, *"Sempre Xonxa en Petín"*, *"Apartado 12"*, *"Espírito abertal"*, *"Viva Mones"*, *"Ferrol 1936"*, *"Republicanas en Galicia"*, *"Mujer(es)mujer"*.

Así mesmo dirixe o proxecto *"De maior crea"* dirixido a persoas maiores de 55 anos que busca fomentar a creatividade e o envellecemento activo e saudable. Os últimos proxectos que realizou foron a longametraxe documental *"O desafío do Sil"* (2019), varias pezas breves sobre *"Florencio Delgado Gurriarán"* (2020 e 2021) e *"Tomás Fábregas. Fighting barriers"* que terá a estrea en setembro de 2022

FRAN BERMÚDEZ (Ferrol, 1978).

Francisco Bermúdez é un tipo ecléctico, guitarrista e debuxante amator, gravador e montador de vídeo vocacional, youtubeiro e twitcheiro paixonal e militar de profesión, un auténtico home-orquestra.

Fascinado por viaxar, ingresou na Armada onde chegou a cumprir o seu soño, pois nos case 27 anos que leva navegando e viaxando, xa cumpríu aquel sono de visitar Australia, que tiña de novo. No 2008 casou e foi vivir ao lugar da Lobeira, na parroquia de Santa Mariña do Monte. Alí no 2011 comezou a escrita dun blog persoal de referencia *"Vivo na Lobeira"* (hoxe case abandonado). E tamén manifestou gusto e curiosidade polo cinema, boa proba da súa teima cinéfila foron as súas [pezas realizadas nas anteriores Chanfainalab](#): *"Quixera"* (2015), *"Sentimentos"* (2016), *"O inxerto, a bicicleta e o helicóptero"* (2017) e *"Fíxose a luz"* (2018) que á súa vez forman parte da súa serie *"Cousas de Vellos"* e *"Trae"* (2019) na que a súa cadela Lina é a prota; e tamén actualmente o seu programa especial *"Cinema Lobeira"* no que xunto a xente colaboradora da canle e doutros eidos, tamén amadora do cinema, tanto se analizan os grandes galas de cinema coma se entrevista a directores de cinema independente ou se cubre un festival.

Tras ter sido dos primeiros [Instagramers](#) en crear un vídeo diario en galego, o cal mantivo máis dun ano, e tras ter creado a [lista das 50 do YouTube](#), na que deu e da visibilidade a máis de 200 canles na nosa lingua cada ano, Fran ven de ser o primeiro streamer en lingua galega en transmitir máis de 1 día sen pausas (total de 25 horas e 19 minutos) na rede social [Twitch](#). Na súa, hoxe xa consolidada, videobitácora *"A Lobeira Today"* podemos seguir de

preto tanto a súa incesante actividade como a dos moitos colaboradores-as cos que conta a día de hoxe, moi gabada en diferentes medios de comunicación.

Tras máis de 2000 días de mar e ter visitado máis de 100 cidades en máis de 50 países, estando incluso 3 anos a vivir en Brunssum, onde por mor da morriña rexentou a “Embaixada da Lobeira nos Países Baixos” e sendo alí onde creou, no ano 2017, o emporio multiplataforma que é hoxe “a Lobeira today”, actualmente pasa as semanas a caballo entre o seu traballo de oficinista no Estado Mayor de la Defensa e os directos en RRSS en Madrid e a quietude sen apenas cobertura móbil do seu fogar no lugar da Lobeira.

IRIA SILVOSA (Vilalba, 1992)

Formada en Comunicación Audiovisual e especializada en edición e posproducción, a súa traxectoria bifúrcase nos camiños paralelos da creación e a montaxe, ademais de formar parte coma socia traballadora da cooperativa NUMAX.

Como editora, o seu labor enmárcase dentro da ficción que explora os límites narrativos, como en “*Sendeiro*” de Lucía Estévez ou “*A estación violenta*” de Anxos Fazáns, longametraxe presente no Festival de Cine Europeo de Sevilla, no BAFICI ou no D'A Film Festival Barcelona, e nominada á mellor montaxe nos premios da Academia do Audiovisual Galego.

Entre os seus últimos traballos atópanse “*Analóxica*” de Anxos Fazáns, rodada en super-8, e o videoclip de “*Vinte Corenta*”, do grupo galego Atrás Tigre tamén filmado neste mesmo soporte. Continuando coas liñas trazadas como montadora, explora dende a creación as formas máis primarias do cine e os seus contextos, interesándose nos propios mecanismos da montaxe e na experimentación coa posta en primeiro plano dos elementos dos que se alimenta a narración cinematográfica.

KEVIN LORENZO (Xixón, 1991)

Kevin Lorenzo iniciou a súa formación teatral no ano 2006, pasando por diversas escolas de arte dramático (Estudio Corazza en Madrid, Escola Pábulo, El Ruiseñor...) e cursos de profesionais como Susana Crespo, Carlos Villarino ou Marcos Orsi. Completou a súa formación con seminarios de interpretación ante cámara dirixidos por Jorge Saavedra, Iria Ares e Chema Gagino, entre outros. Obtivo as mencións como actor destacado nos anos 2013 e 2016 no certame de teatro Candilejas Don Bosco e participou tamén en series de televisión como “*O sabor das margaridas*”, “*Serramoura*” ou “*Lobos e cordeiros*” como Alberto. Tamén tomou clases de radio, natación e loita escénica.

Participou como actor en varias pezas da Chanfainalab con enorme xenerosidade e bonhomía, pero nesta edición vai poñerse ao outro lado da cámara por vez primeira.

MARÍA LOUREIRO (Ferrol, 1987)

Licenciada en Belas Artes e Comunicación Audiovisual. Actualmente docente de Debuxo entre Galicia e Asturias, impartindo a materia de Cultura Audiovisual no IES Concepción Arenal no curso 2021-2022.

NARAIOMEDIA (Naraío, San Sadurniño)

Colectivo heteroxéneo de mozos e mozas da parroquia de Naraío formado por Brais Varela, Iago Varela, Brianda García, Antonio Fraga, Geray Arnosa, Ricardo Noval, Óscar Torrente e Verónica Castrillón. Participaron por vez primeira na Chanfaina do 2019 coa superproducción: “*O roubo da droja 2. Camiño da vinganza*”. Agardamos con impaciencia o que nos ten preparado para esta edición o mocerío de Naraío.

PABLO MARTÍNEZ (San Sadurniño, 2004)

Pablo Martínez rematou este ano o 2º de Bacharelato de Artes no IES Concepción Arenal de Ferrol. De sempre foi un mozo inquedo e activo, pois dende os seis anos gústalle gravar coa cámara o que pode, aínda que a súa teima verdadeira é a animación. Os seus xéneros favoritos son os filmes de fantasía e ciencia ficción, mais tamén os videoxogos, nomeadamente os que se desenvolven en "mundos abertos". De feito xestiona "PJPentakill", a súa propia canle de videoxogos en Youtube. Xa hai seis anos sorprendéranos coa frescura que zumega a súa curta "*O meu traxecto ao cole*" cando estudaba 1º da ESO.

Na Chanfaina 2017 realizara o moi meritorio "*Enamorándose de San Sadurniño*", na edición de 2018 "*Conectados*" e na do 2019 "*Xoel e Sancho Yoda*". Durante o último ano realizou varias pezas para a materia "Cultura audiovisual" no IES Concepción Arenal. No vindeiro curso iniciará os estudos na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

PAULA VILARIÑO (Neda, 2004)

Rematou este ano o 2º de Bacharelato de Artes no IES Concepción Arenal de Ferrol. Dende cativa sempre devorou calquera película que lle puñan diante, por iso agora goza coa maioría dos xéneros.

Ademais do cine tamén lle encanta a música, algo que sempre ten en conta cando realiza os seus vídeos. En setembro comeza a estudar Historia da Arte na USC.

RAQUEL ÁLVAREZ MÉNDEZ (Vigo, 1998)

Titulada en realización audiovisual pola EISV e recentemente graduada en Belas Artes pola Uvigo, realiza varios traballos relacionados coa dirección de arte, vídeo e instalacións. Tamén, formou parte da asociación cultural *Fuck This Studio* e de *Percal Lab*, un evento baseado en xornadas de talleres ao redor da captación analóxica e a reprodución da imaxe real. Entre as pezas realizadas figuran: "*Auga e terra e pel e un cubo vermello e un descampado*" (2021); "*El día que nos besamos en Plaza América*" (2021); "*Nome feminino plural*" (2020) e "*Rubí*" (2019).

ROBERTO BOUZA (Ferreira, San Sadurniño, 1979)

Roberto Bouza é un técnico especialista en novas tecnoloxías, deseño gráfico e animación 3D. Mentres estudaba electrónica, iniciou o seu interese creativo coa programación de videoxogos nas videoconsolas da época, participando en eventos da escena independente.

Como autodidacta, na actualidade dedica parte do seu tempo de lecer a aprender novas técnicas de deseño por computador ademais da programación. Realizou a cabeceira da 5ª edición da Chanfainalab e na edición do 2019 a curta en 3D "*Monte Xurásico*".

RUBEN COCA (Ferrol, 1977)

Director de cinema e guionista. Comezou a súa carreira profesional como guionista e realizador de programas en TVE, TVG e Canal 9. Guionista da longametraxe "*Detrás da luz*", 1º premio mellor ao guiión pola AGAG e seleccionado nas axudas a talento de AGADIC. Escribiu e dirixiu máis dunha decena de curtametraxes de cinema e animación, presente en festivais como Berlín, Cannes, Clermont-Ferrand, Sitges e Málaga. Candidato aos premios Goya e dous premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual.

Tamén desenvolveu a súa faceta como músico e director de produción musical. "*Notamotof*" foi a súa primeira curtametraxe de xénero fantástico, con distribución

internacional en salas de cinema e TV, proxectado durante dous anos en carteleira comercial en cinemas en Alemaña e España.

SOFÍA NASEIRO (Vilalba, 1996)

Sofía Naseiro é documentalista e creadora no ámbito audiovisual. Estudou Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela e un mestrado en documental creativo pola Universidade Autónoma de Barcelona, no marco do cal co-dirixe o documental *La Huella* (2020).

Atópase agora mesmo desenvolvendo un proxecto documental transmedia, o *Proxecto Xorima*, que recupera a memoria do grupo de música folk do mesmo nome nun reencontro despois de 40 anos. Publica as súas reflexións de cinema en Kinocube, unha bitácora e mais unha canle de Youtube.

THE SUNGIRLS (Narón e San Sadurniño)

Mónica Cebreiro, Graciela Galdo e Olga Vigo son tres amigas que teñen en común a paixón pola música e o cinema. Olga e Graciela son primas e naturais de Ferrol. Ambas licenciadas en música e piano, traballan como profesoras de música e audiovisual no mesmo instituto, o IES Trasancos de Narón. Graciela especializouse en música de cámara e dirixe a Coral de Valdoviño; Olga en linguaxe musical e tamén dirixe a Coral Endesa de As Pontes. Mónica Cebreiro é veciña de Santa Mariña do Monte, traballa no Concello de San Sadurniño e tamén desenvolve o seu lado artístico con manualidades diversas e técnicas de decoracións de repostería, afección que a levou a realizar obradoiros para a veciñanza do concello en "Tempos para compartir".

No verán de 2017 as tres amigas decidiron crear un grupo de creación audiovisual co obxectivo explícito de "pasar o rato e divertirnos". O grupo denomínase "The Sungirls" e o seu lema, «Somos chicas buenas, a veces». O seu primeiro vídeo "*El taquillazo*" tivo un éxito inesperado nas redes sociais e animounas a seguir nunha aventura creativa, na que pensan continuar "ata que deixe de ser divertida". Na chanfaina 2017 sorprendéronos coa vitalista curta "*360° en cores*" no 2018 co videoclip "*Non teño dono*" e na edición de 2019 con "*Qué pasou ?*".

TOÑO CHOUZA (Boiro)

Titulado en dirección cinematográfica na ESCAC de Barcelona. Tamén estudou en centros especializados como EICTV (Cuba), UIMP e USC. Ademais é Licenciado en Filoloxía Hispánica (USC) e estudante de Filosofía (UNED). Dirixiu numerosas pezas audiovisuais como curtametraxes (ficción e documental), longametraxes documentais, videoarte, videoclips, fashion movies, sendo premiado tanto a nivel nacional como internacional. Como realizador publicitario está a traballar para varias produtoras de publicidade en España e México, para marcas internacionais como Adidas, Coca-Cola, eBay, Ikea ou Burger King, entre outras. Entre os títulos realizados figuran: "*Por la mañana*" (shortfilm, 2009), "*Seule*" (shortfilm, 2010), "*Entreparadas*" (feature documentary, 2012), "*Fukushima*" (music vídeo, 2021), "*A quincena do Apóstol*" (music vídeo, 2022) e "*Domingos*" (2022).

XAVIER VILLAVERDE (A Coruña, 1958)

Xavier Villaverde é un referente obrigado na historia do audiovisual galego. Aos 16 anos filma en super 8mm "*A Semente*" en galego. Vencellado ó Equipo Imaxe filma en 16mm o documental "*Circos*" (1979).

En 1982 realiza en clave neorrealista a súa primeira curtametraxe en 35mm, "*Tacón*". Comeza a destacar no campo da creación en vídeo, sendo a obra máis coñecida dos seus

principios *"Veneno Puro"* (1984) premiada no certame Moniteur, "Up & Down" (Barcelona), e Festival Nacional de Vídeo (Madrid). Con *"Viuda Gómez"* (1985) gaña o premio Aceptv (1985) á mellor ficción e o primeiro premio no Festival Nacional de Videomúsica 85 (Vitoria), ademais do primer premio no Festival Nacional de Vídeo (Gijón) e o premio Galicia-Deseño, Novas Formas.

Na década de 1980, Xavier está considerado como un dos grandes nomes da videocreación en Europa. A peza *"Golpe de látigo"* mereceu tamén o primeiro premio no XVI Festival Internacional de Montreal (1987). Outras pezas experimentais moi destacadas desta década foron *"Sexo Macumba"* e *"Alicia en Galicia/ Galicia Caníbal"*. En 1987 forma Xavier Villaverde Asociados dedicándose á produción de spots publicitarios, traballos para TV e videoclips. En 1989 dirixe *"Continental"* a súa primeira longametraxe, estreado en 1989 no CineGalicia. En 1999 estrea *"Fisterra, onde termina o mundo"*. No 2002 *"Trece badaladas"* e no 2012 *"El Sexo de los ángeles"*. Tamén recibiu o Premio Pedrigree del Festival de Cans 2009 pola súa traxectoria no sector audiovisual.

Actualmente está na fase de posprodución da longametraxe documental *"María Casares: a muller que viviu mil vidas"* que terá a estrea mundial en novembro do 2022.